

Extracto programación de Matemáticas



Departamento de Matemáticas

Matilde Ríos Fachal, Brais Álvarez Barata I

Criterios de cualificación
Curso 2022-2023



ÍNDICE

Criterios de Avaliación do Departamento de Matemáticas.....	3
Matemáticas 1º ESO.....	3
Criterios de cualificación.....	3
Criterios de recuperación.....	4
Matemáticas 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO Académicas, 4º ESO Aplicadas.....	4
Criterios de cualificación.....	4
Criterios de recuperación.....	5
Programa de recuperación das materias pendentas.....	6

Criterios de Avaliación do Departamento de Matemáticas

A avaliación debe abranguer tanto a actividade do ensino coma a da aprendizaxe e que debe constituír un proceso continuo, sistemático, flexible e integrador. Este proceso ten como obxectivos:

- Coñecer a situación de partida dos elementos que inciden no proceso no momento en que se propón a avaliación.
- Facilitar o formulación dun modelo de actuación adecuado ao contexto, en función dos datos anteriores.
- Seguir a evolución do desenvolvemento e da aprendizaxe dos alumnos.
- Tomar as decisións necesarias para amoldar o deseño e desenvolvemento da nosa acción educadora ás necesidades e logros detectados nos alumnos nos seus procesos de aprendizaxe.

Matemáticas 1º ESO

Criterios de cualificación

Utilizaremos dous tipos de probas. As primeiras serán parciais por bloques e o segundo tipo de probas faranse ó remate de cada trimestre e serán de tipo global, nas que se incluírán tódolos temas tratados anteriormente. Estas últimas terán sempre dobre peso na cualificación que as parciais e servirán ademais para a recuperación de avaliacións anteriores.

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación, coa norma de avaliación continua de que a superación da proba trimestral supón sempre cualificación positiva no apartado de probas escritas. O 80% da nota da avaliación estará conformado pola media ponderada das probas escritas. O 20% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 13 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- O caderno de aula
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
- A observación diaria na aula

Para a nota final farase a media ponderada das 3 avaliacións do curso, de forma que a segunda ponderará o dobre que a primeira, e a terceira ponderará o triple da primeira. E dicir, un estudante que teña unha nota de x_1 na primeira, x_2 na segunda e x_3 na terceira avaliación, a súa nota final será $(x_1+2*x_2+3*x_3)/6$.

No caso de que un alumno cometese algún fraude na realización dalgunha proba, esta cualificarase cun 0 e farase a media co resto dos resultados.

Criterios de recuperación

Cada unha das probas trimestrais inclúe toda a materia anterior, e sirve tamén para recuperar as partes pendentes. Unha nota igual ou superior a 5 puntos sobre dez significará que esa avaliación estará superada.

Seguindo as instrucións da Orde do 27 de decembro de 2022 que modifica a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia temos en conta estes aspectos na nosa Programación Didáctica:

- A sesión de avaliación final do alumnado de educación secundaria obrigatoria deberá realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023.
- A sesión da terceira avaliación parcial na educación secundaria obrigatoria deberá coincidir con esa sesión de avaliación final.

Por estes motivos modificamos algúns Criterios sobre a avaliación e a cualificación do alumnado:

- Engadimos o punto: "O alumnado que tras o cálculo da nota final, seguindo os criterios de cualificación especificados no punto anterior, non teña superada a materia; realizará a recuperación da proba global do terceiro trimestre."

Matemáticas 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO Académicas, 4º ESO Aplicadas.

Criterios de cualificación

Utilizaremos dous tipos de probas. As primeiras serán parciais por bloques, por exemplo: números, polinomios, ecuacións ou sistemas; e o segundo tipo de probas faranse ó remate de cada trimestre e serán de tipo global, nas que se incluírán tódolos temas tratados anteriormente. Estas últimas terán sempre dobre peso na cualificación que as parciais e servirán ademais para a recuperación de avaliacións anteriores. O número de probas dependerá da lonxitude do cuatrimestre, aínda que será un mínimo de dúas por cuatrimestre, sempre adaptándose a temporalización proposta nesta programación.

Para as cualificacións trimestrais teranse en conta as probas escritas, coa norma de avaliación continua de que a superación da proba trimestral supón sempre cualificación positiva, que representará o 90% da nota final, correspondendo o 10% restante a participación activa, actitude e traballo diario na aula.

En cada proba escrita a puntuación de cada pregunta aparece especificada e nota darase en base decimal (de 0 a 10), sendo a nota final a suma dos puntos obtidos en cada exercicio.

Cada unha das probas trimestrais inclúe toda a materia anterior, e sirve tamén para recuperar as partes pendentes.

Para a nota final farase a media ponderada das 3 avaliacións do curso, de forma que a segunda ponderará o dobre que a primeira, e a terceira ponderará o triple da primeira. E dicir, un estudante que teña unha nota de x_1 na primeira, x_2 na segunda e x_3 na terceira avaliación, a súa nota final será $(x_1+2*x_2+3*x_3)/6$.

No caso de que un alumno cometese algún fraude na realización dalgunha proba, esta cualificarase con un 0 e farase a media co resto dos resultados.

Para a cualificación de Setembro a nota dependerá unicamente da obtida no exame correspondente, nesta proba inclúese toda a materia do curso.

En canto aos repetidores, farase un seguimento personalizado na aula, que incluírá traballos específicos si se consideran precisos, para evitar que repitan os erros do curso anterior, con información periódica aos titores. A avaliación farase o máis próxima posible á dos seus compañeiros.

Criterios de recuperación

Cada unha das probas trimestrais inclúe toda a materia anterior, e sirve tamén para recuperar as partes pendentes. Unha nota igual ou superior a 5 puntos sobre dez significará que esa avaliación estará superada.

Seguindo as instrucións da Orde do 27 de decembro de 2022 que modifica a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia temos en conta estes aspectos na nosa Programación Didáctica:

- A sesión de avaliación final do alumnado de educación secundaria obrigatoria deberá realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023.
- A sesión da terceira avaliación parcial na educación secundaria obrigatoria deberá coincidir con esa sesión de avaliación final.

Por estes motivos modificamos algúns Criterios sobre a avaliación e a cualificación do alumnado:

- Engadimos o punto:"O alumnado que tras o cálculo da nota final, seguindo os criterios de cualificación especificados no punto anterior, non teña superada a materia; realizará a recuperación da proba global do terceiro trimestre."

Programa de recuperación das materias pendentes

Periodicamente, o profesor recordará e recomendará actividades mediante boletíns para a recuperación, que serán devoltas corrixidas e coas recomendacións que se consideren máis axeitadas para que o alumno sexa quen de acadar a competencia. Para a temporalización, aproveitarase a do propio curso, habida conta de case todos as unidades teñen continuidade no curso seguinte. A realización destas tarefas capacitará ó alumno para que nos meses de febreiro e maio recupere a materia nos exames extraordinarios, a metade dos temas en cada parte. No caso de que non superen a primeira parte, poderán realizar na outra proba un exame con toda a materia. A cualificación determinarase coa media aritmética destas probas, ou coa nota final se fose o caso, tendo en conta a realización das tarefas propostas durante o curso e, se fose preciso o seu rendemento no curso corrente.